



# NOVIEMBRE MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

Programación de actividades de divulgación científica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades



XUNTA  
DE GALICIA

# Manifesto de José Tubío


## O deber de coñecer e transmitir a nosa historia científica

José Tubío

“Terra á vista!”, berraba un dos mariñeiros desde a punta do pau maior. “Terra á vista!”, “terra á vista!”, repetía unha e outra vez, por se algún dos tripulantes da corbeta María Pita non escoitara. Desde a saída da Coruña, a expedición levaba meses navegando as augas tenebrosas do Atlántico, facendo tan só dúas paradas tácticas nas Canarias e en Porto Rico. A bordo da embarcación ía unha tripulación de trinta e sete persoas cunha grandísima responsabilidade: a de facer chegar a América a vacina da varíola, unha terrible enfermidade moi infecciosa e cruel, que matara millóns de persoas en todo o mundo ao longo da historia. Dona Isabel Zendala (ou Zendal, como tamén se coñece), enfermeira a bordo, respiraba algo aliviada ao ver que aquela viaxe chegaba por fin a terra firme. Non era para menos, pois tiña ao seu cargo máis de vinte pequenos, a maioría deles galegos, aos cales coidara naquela longa viaxe como tan só coida unha nai. A eles, a vida non os

tratara ben; ou eran orfos ou foran abandonados polos seus pais, e agora aquela desgraza levábaos a seren recrutados para unha das misións máis importantes do século. Estas crianzas eran as encargadas de portar o fluído da vacina na súa propia anatomía. Tal era a súa responsabilidade. Unha picadura de agulla nos delicados brazos dos cativos transmitía a vacina, a cal apenas se mantiña activa uns poucos días no corpo das criaturas antes de volverse caduca, polo que debía ser transferida de uns aos outros ata que non quedara pequerrecho sen vacinar.

Desde que deixaron a illa portorriqueña, dirixíanse agora a Venezuela, concretamente a La Guayra, onde os agardaban con grande expectación. Sen embargo, a situación a bordo era angustiada, pois o último pequeno xa fora inoculado coa vacina e apenas quedaban unhas horas antes de que o fluído se volvera inservible. A vacina requiría ser traspasada de forma inmediata, ou a expedición podía rematar en fracaso. “Tanto esforzo, para nada”, pensaba dona Isabel mentres collía a man do pequeno.



A urxencia desta situación levounos a parar antes do que estaba previsto, en Porto Cabello. Ao baixar da embarcación, en canto comunicaron ás autoridades quen eran, foron recibidos con felicidade. Era a primeira vez que o fluído chegaba a aquelas terras, e os habitantes venezolanos eran ben conscientes diso. Todos os tripulantes recibiron agasallos, houbo misas e desfiles nas rúas. O pequeno foi collido a ombreiros da xente e, vitorioso, foi levado a un hospital de campaña improvisado, onde serviu para inocular outros vinte e oito nenos veciños do lugar. Desde aí, a vacina correría por toda América, e despois a Filipinas, para completar a volta ao mundo e salvar as vidas de milleiros de persoas.

Remataba así, en 1806, a expedición filantrópica da vacina da varíola, na cal Isabel Zendala e os *galleguitos* (así serían coñecidos aqueles nenos) tiveron un papel protagonista. Foi unha das maiores proezas científicas e a primeira misión humanitaria da historia. Cando este fito chegou a oídos do mesmo Edward Jenner, inventor da vacina, dixo que non podía imaxinar que nos anais da historia houbera un exemplo de filantropía tan nobre e extenso coma aquel.

A ciencia está chea de momentos épicos coma este. Coñecelos e transmitilos é un deber no que todos, non soamente os que somos científicos, debemos participar. Amigos: temos unha historia da ciencia tan rica como descoñecida. Cando leades unha historia coma esta, facédeas vosa e transmitídeas, porque cada vez que a contedes estaredes sementando a curiosidade pola ciencia e contribuíredes a facer medrar no noso pobo unha cultura científica moi necesaria, que nos permitirá avanzar como sociedade e nos fará máis libres.

**José Tubío é profesor,  
investigador e divulgador na USC**

# BIBLIOTECA DE GALICIA

5

de novembro ás 17:30 horas,  
no Auditorio Neira Vilas.



**Festival da Canción Científica CSIC Visión, con Rony Flamingo e a Delegación do CSIC en Galicia**



Soñaches algunha vez con cancións de Eurovisión comprometidas co cambio climático ou que conteñen historias sobre bioloxía, investigación por satélite ou sobre o estado das rías galegas?

O actor e cómico Rony Flamingo é o protagonista desta gala única na que o público asistente decidirá cal é a mellor canción científica nun espectáculo con contidos rigorosos, adaptados e entretidos. Para público a partir de 10 anos.

Inscripción previa.

12

de novembro ás 17:30 horas, na aula I.

**Obradoiro : Diseñando o noso escudo familiar, coa Delegación do CSIC en Galicia**



Neste obradoiro preténdese introducir os nenos e as nenas de primaria na orixe e significado da heráldica: como xorde, como se foi desenvolvendo co tempo e como podemos deseñar un escudo de armas propio seguindo as regras básicas da heráldica. Para público de 3º a 6º de primaria.

Inscripción previa.



**19** de novembro ás  
17:30 horas, na aula I.

**Obradoiro: *E que rico sabe o mar!*,  
coa Delegación do CSIC en Galicia**

Nesta actividade farase un contacontos interactivo do cómic “E que rico sabe o mar!” editado polo Instituto de Investigacións Mariñas. Deste xeito daráselles aos participantes a oportunidade de gozar, de forma amena e entretida, de contidos rigorosos adaptados á súa idade, sobre os alimentos de orixe mariña (da pesca e da acuicultura) e a súa rastrexabilidade, conservación e revalorización. Para público de 10 a 12 anos. Inscripción previa.

**26** de novembro ás 17:30 horas, na aula I.

**Obradoiro: *Esta auga está moi fría! Experimentos sinxelos para entender a oceanografía das nosas costas*, coa Delegación do CSIC en Galicia**

Que é o afloramento costeiro? Por que a auga do mar está máis fría nunhas praias ca noutras? Por que unhas praias están cheas de lixo e outras limpas?

Como vai afectar a subida do mar ás nosas costas? Neste obradoiro faremos unha serie de experimentos sinxelos empregando materiais que podemos atopar nas nosas cociñas para dar resposta a estas preguntas.

Para público a partir de 10 anos. Inscripción previa.



# BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ÁNXEL CASAL

5

de novembro ás 12:00 horas,  
no salón de actos.

## *Entre bechos anda o conto, contacontos con Galeatro*

Sesión de contos na que tratamos de visibilizar a importancia destes pequenos animalíños na nosa vida cotiá.  
Para público infantil de 3 a 8 anos.

A entrada é libre ata completar a capacidade da sala.



11

de novembro de 18:30 horas,  
no salón de actos.

## *Obradoiro de electrónica básica creativa, a cargo de Vermislab*

Neste obradoiro as pequenas e pequenos participantes aprenderán conceptos básicos de electricidade e electrónica a través da realización de sinxelos circuitos dun xeito moi divertido e creativo. Utilizando plastilina condutiva poderán deixar voar a súa imaxinación.  
Para público infantil de 6 a 8 anos.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.



# 12

de novembro ás 12:00 horas,  
no salón de actos.

### **As ciencias básicas na vida cotiá, obradoiro con Ciencia Kids**

As ciencias básicas xa evidenciaron a súa competencia para desvelar aspectos de interese para a Humanidade e seguirano facendo no futuro. O desenvolvemento da electrónica e o actual GPS non existirían sen a mecánica cuántica e a teoría da Relatividade de Einstein. Os teléfonos existen grazas á Ciencia de Materiais. Na produción e almacenamento das enerxías renovables, de novo Física, Química e Ciencia de Materiais terán o protagonismo.

Para público familiar.

A entrada é libre ata completar a capacidade da sala.

# 18


de novembro ás 18:30 horas,  
no salón de actos.

### **Obradoiro de iniciación á robótica e á programación, a cargo de ANIAS**

Proposta baseada na construción de máquinas robotizadas sinxelas. As pequenas e pequenos participantes poderán construír diferentes modelos de robots e aprender a programar as súas accións a través dunha ferramenta moi sinxela e divertida iniciándose así no mundo da robótica.

Para público infantil de 9 a 12 anos.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.



# BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

12

de novembro ás 12:00 horas,  
no salón de actos.

---

## ***Mollarse ten a súa ciencia, con María Canosa***

Sesión de divulgación científica na que os asistentes poderán descubrir diversas curiosidades científicas. Os experimentos propostos estarán baseados nas propiedades fundamentais da auga, manipulando obxectos e materiais de uso cotiá, a través dos que reparar no coñecemento científico.

Para público infantil de 6 a 12 anos. Inscripción previa.

25

de novembro ás 12:00 horas,  
na sala de clubs.

---

## ***A maxia da robótica, con Stemarte***

Obradoiro educativo para aprender de forma práctica e divertida programación e robótica, co obxectivo de chegar a nenos e nenas as novas tecnoloxías que en moi pouco tempo estarán presentes na nosa vida cotiá.

Actividade deseñada para motivar a aprendizaxe de coñecementos e habilidades para o seu desenvolvemento nunha contorna activa, flexible, creativa e orientada ao traballo en equipo.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa.



## Todo o mes de novembro. Mostras bibliográficas.

### A ciencia na axenda 2030

Esta biblioteca apoia os ODS.

Durante o mes de novembro, mes da ciencia, a Biblioteca Pública Miguel González Garcés ofrecerá un centro de interese documental dirixido a todo o público usuario para difundir a relación entre a ciencia e os obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. Con isto, animámosvos a descubrir os obxectivos e a tomar consciencia sobre as accións que se poden levar a cabo para a súa consecución, todo co fin de lograr unha sociedade máis empoderada e que marque a diferenza.

Lugar: planta baixa.

Para todos os públicos.



# BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

4

de novembro ás 17:00, 18:00 e 19:00 horas,  
no salón de actos.

## ***Descubriendo a ciencia, obradoiro con Ciencia Kids***

A ciencia proporciona as ferramentas precisas para comprender mellor o mundo que nos rodea. Fomenta a curiosidade e o sentido crítico. Lanza luz sobre a relación entre os seres humanos e a natureza, e lémbra-nos que os recursos naturais non son ilimitados.

Actividade interactiva onde se farán experimentos científicos que todos os participantes poderán levar a cabo, espertando o seu interese pola ciencia e a investigación.

Para público infantil de 4 a 12 anos. Inscripción na biblioteca infantil.

11

de novembro ás 18:00 horas, no Parque  
Rosalía de Castro ou nos arredores da  
biblioteca (segundo o tempo que faga).

## ***Os segredos da natureza, obradoiro con Sven Dieter Adler***

Actividade práctica na que os participantes teñen un contacto directo co mundo das plantas e árbores mediante un paseo etnobotánico polos arredores da biblioteca para recoñecer distintas especies vexetais da nosa contorna, a orixe dos seus nomes, propiedades, uso,... resaltando a importancia dos espazos verdes dentro da cidade.

Para público infantil de 6 a 12 anos. Inscripción na biblioteca infantil.




# 18

de novembro ás 18:00 e 19:00 horas,  
no salón de actos.

### **Robótica experimental, con A Nube de Artear**

A robótica é unha disciplina enmarcada no ámbito educativo que facilita o descubrimento da tecnoloxía e a programación, mediante unha aprendizaxe dinámica e divertida na que os participantes desenvolverán a súa creatividade deseñando, programando e dando vida a diferentes robots. Actividade que busca fomentar a aprendizaxe mediante o xogo mentres constrúen os seus modelos con pezas, motores e sensores. Para público infantil de 6 a 12 anos. Inscripción na biblioteca infantil.



# 25


de novembro ás 18:00 horas, no xardín da  
biblioteca (se o tempo acompaña) ou no salón  
de actos.

### **Arquitectura de emerxencia. Obradoiro de construción para miniarquitectos, obradoiro con Nuria Prieto**

Que pasaría se fose posible levar unha casa na que vivir debaixo do brazo, dobrada e con pouco peso?. Parece algo imposible, xa que unha casa está formada por unha suma de espazos bastante grandes. Pero encartando de forma adecuada os “muros”, unha casa para catro ou seis persoas pode ocupar o espazo dunha mochila grande. Como é posible? Para pais e nais e público infantil de 6 a 12 anos. Inscripción na biblioteca infantil.



# BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE NÓS



15

de novembro ás 19:00 horas,  
na sala de conferencias.

## ***As aves que nos rodean, con Tomás Cid***

Charla divulgativa sobre as aves que conviven con nós. Aprenderemos a coñecelas e recoñecelas.

Para persoas interesadas na nosa contorna.

Inscripción previa no teléfono 988 788 385 ou directamente na biblioteca.

8-15  
22-29

de novembro ás 18:00 horas, na sala infantil.

## ***Martes na biblio. Contacontos: Ama a ciencia***

Contacontos científicos para nenas e nenos de 4 a 6 anos.

Inscripción previa desde o venres anterior no teléfono 988 788 385.

19

de novembro ás 12:00 horas.

## ***Miuda ciencia: Os Lévedos, con Fatiropina***

Saberemos que son os lévedos. Descubriremos o mundo dos fungos unicelulares e os múltiples usos que teñen na cociña, na ciencia e tamén na arte. Faremos súper escuma de cores e pintura inchable coa axuda dun secador de pelo.

Para público infantil a partir de 6 anos.

Inscripción previa desde o luns 14 no teléfono 988 788 385 ou directamente na biblioteca.

# 26

novembro ás 12:00 horas.

## *Miúda ciencia: Os Átomos, con Fatiropina*

Falaremos dos electróns, dos átomos e das moléculas, levaremos a cabo varios experimentos como a extracción de ADN, detectaremos a presenza de almidón en produtos alimenticios e pintaremos con pintura sensible á luz UV.

Para público infantil a partir de 6 anos.

Inscripción previa desde o luns 21 no teléfono 988 788 385 ou directamente na biblioteca.

## Todo o mes de novembro.

## Mostras bibliográficas e centros de interese.

### *Miúda Ciencia, libros de ciencia para rapaces*

Centro de interese para recoñecer a ciencia na nosa vida.

Lugar: sala infantil.

Para público infantil.

### *A vida nos océanos*

Coincidindo co vixésimo aniversario do desastre do Prestige, lembraremos eses días e amosaremos un centro de interese de libros relacionados co medio mariño.

Lugar: primeiro andar.

Para público xeral.



# BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIUZOLA

4

de novembro ás 17:00 e ás 18:45 horas,  
na planta baixa.

## *Robótica creativa, a cargo de Jóvenes Científicos*

Obradoiro tecnolóxico dirixido a nenos e nenas, onde aprenderán de forma lúdica conceptos básicos de programación, robótica e electrónica. Empregaremos robots de “LEGO Mindstorms”, esferas intelixentes “Sphero Mini”, drons e outros dispositivos electrónicos. Os participantes aprenderán e divertiranse cos diferentes retos.

Para público de 8 a 14 anos. Inscripción previa.

11


de novembro ás 18:00 horas,  
na planta baixa.

## *Divertímonos coa ciencia, a cargo de Reviravolta*

Neste obradoiro, os nenos e nenas achegaranse á aprendizaxe de diversos procesos físicos e químicos, así como á súa diferenciación, mediante a realización de experimentos prácticos empregando elementos cotiás, de forma que capten os coñecementos facilmente e se divirtan.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa.



# 18

de novembro ás 18:00 horas,  
no salón de actos.

## **Bicho á vista, a cargo de Raquel Queizás**

Todos os animais son importantes para o equilibrio natural do noso planeta. Que temos que facer para protexelos? A Terra é tamén a súa casa, debemos coidala e respectar o dereito dos animais para compartila connosco.

A partir de historias sinxelas ofrécese información científica de forma amena e divertida.

Vide descubrir a importancia de todas as especies. Exploremos o noso mundo natural!!

Contos con manipulación de obxectos e monicreques.

Para público infantil a partir de 3 anos.

Inscripción previa.



H<sub>2</sub>

# 25

de novembro ás 18:00 horas,  
na planta baixa.

## **Creación de fósiles, a cargo de Anias**

Os nenos e nenas poderán gozar desta actividade científica na que aprenderán como se forman os fósiles. Posteriormente farán unha busca en sedimentos de terra e aprenderán a extraelos e limpalos con coidado para a súa conservación.

Finalmente crearán o seu propio “fósil” que poderán levar á súa casa de recordo.

Para público infantil de 8 a 12 anos.

Inscripción previa.

# BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

2

de novembro de 17:00 a 18:30 horas,  
na sala infantil.

## *Obradoiro de robótica, con Logonautas*

Os nenos e nenas participantes poderán achegarse á ciencia a través da construción e programación dun proxecto de robótica cunha metodoloxía pedagóxica de “aprender facendo”.

Para público infantil a partir de 8 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.





# 5

de novembro ás 12:00 horas,  
na sala infantil.

## **Arquitectura de emerxencia: Obradoiro de construción para miniarquitectos, con Nuria Prieto**

Que pasaría se fose posible levar unha casa na que vivir debaixo do brazo, dobrada e con pouco peso?. Parece algo imposible, xa que unha casa está formada por unha suma de espazos bastante grandes. Pero encartando de forma adecuada os “muros”, unha casa para catro ou seis persoas pode ocupar o espazo dunha mochila grande. Como é posible? Para pais e nais e público infantil de 6 a 12 anos. Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.


# 12

de novembro ás 11:30 horas e ás 12:30 horas,  
na sala infantil.

## **Robótica creativa, con A Nube de Artear**

Obradoiro educativo de robótica no que os nenos e nenas participantes desenvolverán a súa creatividade deseñando, programando e dando vida a diferentes robots. Esta actividade busca fomentar a aprendizaxe mediante o xogo mentres constrúen os seus modelos con pezas, motores e sensores.

Para público infantil a partir de 6 anos. Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.



# 19

de novembro ás 12:00 horas,  
na sala infantil.

### **Científicos por un día, con Ciencia Kids**

Actividade interactiva na que se farán experimentos científicos que todos os participantes poden levar a cabo, despertando o seu interese pola ciencia e a investigación para comprender mellor o mundo que os rodea e fomentar a curiosidade e o sentido crítico.

Para público infantil a partir de 4 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.

# 30-10 17-24

de novembro ás 12:00 horas,  
na sala multiusos.

### **Curso de Alfabetización informática +55, con Eladio Izquierdo Pazó**

Curso de iniciación á informática para maiores de 55 anos. Aprender a editar e gardar documentos no ordenador, usar o correo electrónico, capturar imaxes, utilizar páxinas web de interese etc., será moi doado.

Para público adulto.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.



## Todo o mes de novembro. Exposicións e mostras bibliográficas.

### ***Cambio climático: bibliografía para unha perspectiva***

O cambio climático é un tema de actualidade do que cómpre ter coñecemento. As bibliotecas somos centro de recursos informativos seleccionados e adecuados para facérmonos unha idea deste fenómeno e da súa evolución futura. Nesta exposición, con motivo do Mes da Ciencia, queremos ofrecer unha selección de libros sobre o cambio climático afastados de efectismos ou vaguidades.

Lugar: zona de exposicións da biblioteca.

Para todos os públicos.

### ***Unha terra para todos. A ciencia que nos rodea: O medio ambiente***

Mostra bibliográfica de libros divulgativos infantís sobre o medio ambiente, a ecoloxía e o amor á natureza e tamén libros de contos, banda deseñada, de música e películas que nos axudan a coidar e preservar o noso territorio e a que teñamos unha terra para todas e todos.

Lugar: sala infantil.

Para todos os públicos.





# EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA 2022

Os equipos de dinamización da lingua galega tecen sinerxías cos equipos de biblioteca e cos departamentos e mesmo procuran a colaboración de diversas entidades e especialistas, co fin de conseguir que o alumnado descubra, coñeza e divulgue a ciencia en galego. O froito das súas investigacións, descubertas e experimentos espállase dentro e fóra dos centros de ensino, que se abren á contorna, e, deste xeito, tamén a lingua galega acada cada vez máis ámbitos de uso.

Nestes recursos, o uso das TIC e das TAC, tan atraente para a xente nova, é xa unha constante en todos os niveis educativos, materias e actividades, tanto na súa creación como na súa difusión. Ademais de realizar experimentos, xogos, investigacións, conferencias, debates ou proxectos relacionados co ámbito científico, estes recóllense tamén en forma de vídeos, *podcasts*, titoriais, aplicacións, presentacións ou revistas dixitais e difúndense a través de Internet e das redes sociais.

Velaquí algúns exemplos:



## **Recensións:**

[www.lingua.gal/mulleres-pioneiras-tecnoloxia](http://www.lingua.gal/mulleres-pioneiras-tecnoloxia)




## **Exposicións:**

[www.lingua.gal/curiosidades-conceptos-matematicos](http://www.lingua.gal/curiosidades-conceptos-matematicos)

**Libros dixitais:**


[www.lingua.gal/os-nosos-experimentos](http://www.lingua.gal/os-nosos-experimentos)

**Vídeos:**

[www.lingua.gal/tras-as-pegadas-do-volframio](http://www.lingua.gal/tras-as-pegadas-do-volframio)

**Telexornais:**


[www.lingua.gal/teleciencia-isomerias-espaciais](http://www.lingua.gal/teleciencia-isomerias-espaciais)

**Memes:**


[www.lingua.gal/memes-cientificos](http://www.lingua.gal/memes-cientificos)

**Podcasts:**

[www.lingua.gal/angeles-alvariño-oceanografa](http://www.lingua.gal/angeles-alvariño-oceanografa)

**Xogos:**


[www.lingua.gal/magnificas-da-ciencia](http://www.lingua.gal/magnificas-da-ciencia)



### **Experimentos:**

[www.lingua.gal/reaccion](http://www.lingua.gal/reaccion)

Alén destas actividades dos EDLG, a Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora na creación de actividades de divulgación científica destinadas aos centros educativos, entre as que cómpre salientar as seguintes:




### **Videoconferencias de Igaciencia para Mes da Ciencia en Galego:**

[www.lingua.gal/videoconferencias-ciencia-2022](http://www.lingua.gal/videoconferencias-ciencia-2022)



### **Proxecto II novembro estelar:** ciencia e letras en galego:

[www.lingua.gal/novembro-estelar-2022](http://www.lingua.gal/novembro-estelar-2022)



### **Máis iniciativas no Portal da lingua galega:**

[www.lingua.gal/edlg-dia-da-ciencia-en-galego](http://www.lingua.gal/edlg-dia-da-ciencia-en-galego)





# MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 2022

Desde a creación do Plan de mellora de bibliotecas escolares (2005) procúrase a integración das ciencias e das humanidades a través de diversas actividades e da actualización da colección das bibliotecas dos centros educativos galegos de nivel non universitario. Especificamente, dedicáronse varias campañas anuais a facer visibles as oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para o traballo das disciplinas científicas desde varias perspectivas: “*Ler ciencia na biblioteca escolar*” (2013/14), “*Biblioteca escolar... matemático!!!*” (2014/15), “*Biblioteca escolar, base de exploracións*” (2015/16), “*Aprender a pensar coa biblioteca escolar*” (2017/18), “*Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía*” (2019/20), “*Xeografía lectoras na Biblioteca escolar*” (2020/21), “*A biblioteca escolar ten a palabra*” (2021/22). O lema elixido para o presente curso escolar, 2022/23

“*Escribir a biblioteca escolar*”, quere poñer o foco en todas as formas de escrita que están presentes na biblioteca e que axudan o alumnado a medrar donos da linguaxe, a ferramenta que lles abre camiños de pensamento, imaxinación, beleza e coñecemento; tamén do coñecemento científico.



Como resultado destas campañas aumenta considerablemente o número de actividades relacionadas coa ciencia nas bibliotecas escolares. Son moitos os científicos e científicas de diversas especialidades que, anualmente, son convidados a impartir charlas relacionadas con proxectos de investigación que se desenvolven nos propios centros baixo a coordinación da biblioteca escolar; así mesmo, aumentan as propostas de actividades que implican máis lectura de divulgación científica e maior número de traballos de investigación científica por parte do alumnado. En consecuencia, aumentan tamén os recursos de contido científico en distintos soportes e formatos que as bibliotecas albergan nas súas coleccións para intentar cubrir as necesidades destas disciplinas.

No marco dos Clubs de lectura impulsados desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares cómpre salientar que case un terzo son temáticos, entre os que se atopan moitos de índole científica. Ademais, entre os 50 títulos máis lidos no curso 2020/21 aparecen varias lecturas de ficción con contidos científicos como *Os nenos da varíola* (María Solar) ou *A proba de auga* (Anémona de Río).

### **Web: ciencia en galego nas bibliotecas**

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/ciencia/index.php>



### **Seleccións de materiais sobre ciencia en galego**

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares selecciónanse materiais susceptibles de formar parte da colección das bibliotecas dos centros. Cómpre, neste sentido, destacar a coidada selección de maletas viaxeiras que son ofrecidas en préstamo temporal aos centros sobre as seguintes temáticas: Ciencias (para Educación Primaria e Educación

Secundaria), Matemáticas (tamén para as dúas etapas educativas), Economía, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Libro informativo. Para o curso 2022/23 continúaase coa actualización dos contidos destas maletas engadindo publicacións máis recentes realizadas con perspectiva de xénero, para acoller libros que contemplan a figura das científicas nos diversos campos.



Pódese acceder ao contido das maletas no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/maletas/>

### Libros informativos en galego

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense unha selección de libros de divulgación científica publicados en galego e moi demandados desde as bibliotecas dos centros educativos para poder cubrir as necesidades informativas do alumnado e apoiar os seus traballos de investigación.



Pódese acceder a esta selección na seguinte ligazón:

<https://www.pinterest.es/bescolaresgal/ciencia-en-galego-nas-bibliotecas-libros-informati/>



### Proxecto Biblioteca Creativa

Para o curso 2022/23, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto das actuacións do Plan LÍA de bibliotecas escolares, vén de resolver unha nova convocatoria do programa Biblioteca Creativa que apoia a introdución, dentro da biblioteca



escolar, dun espazo de creación e experimentación que lle achegue ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria os recursos e materiais axeitados para estimular e ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Este programa está a promover a aparición de novos espazos dentro da biblioteca, entre os que destaca a sección de ciencias, con materiais e fondos que facilitan a investigación

e a experimentación do alumnado. Neste curso 2022/23 participan no programa “Biblioteca Creativa” arredor de 150 centros, integrados previamente no Plan de mellora de bibliotecas escolares.



Pódese acceder a máis información sobre este programa na ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=category/19/86>

## Metodoloxías activas e traballos por proxectos

Co fin de estimular a realización de traballos mediante a metodoloxía de proxectos, impulsados ou coordinados desde as bibliotecas escolares, vense convocando desde o curso 2013/14 o Concurso de Traballos por Proxectos, destinado aos centros públicos non universitarios, con distintas




modalidades e temáticas. No curso 2020/21, convocouse o VII concurso ao que se presentaron 66 traballos. Moitas das candidaturas que se recibiron nos últimos anos centran as súas investigacións en temas científicos ou combínanos cos humanísticos. Nas últimas convocatorias incluíuse unha nova modalidade de participación: proxectos realizados con metodoloxía científica, co fin de estimular a curiosidade por distintos fenómenos das ciencias experimentais ou sociais e reforzar o desenvolvemento do pensamento científico do alumnado. Case o dez por cento das candidaturas participaron a través desta modalidade.



Nesta ligazón pode accederse aos traballos premiados na última convocatoria (2020/21):

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1582>





# C I E N C I A

## MES DA CIENCIA!

Consulta todas as datas na  
Axenda de Cultura de Galicia:

[www.cultura.gal/axenda](http://www.cultura.gal/axenda)

D. L.: C 1747-2022



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22